



## BANDO

### LIMPEZA DE FINCAS E SOLARES.-PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS 2021

En cumprimento da Lei 3/2007 de prevención de incendios forestais, **comunicase que se vostede é titular/proprietario de solares ou parcelas situadas en solo urbano, urbanizable e núcleo rural, ten a obriga de mantelas nun axeitado estado de limpeza e coa masa vexetal desbrozada antes do día 31 de maio de cada ano** e do seguinte xeito:

Primeiro.-Se a parcela se atopa dentro dunha franxa perimetral de 50 metros ao solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte deberán estar limpas (artigo 21 da Lei 3/2007)


Segundo.-No interior do núcleo de poboación e na totalidade da franxa de protección de 50 metros dende a liña que delimita urbanisticamente os núcleos, non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente lei como son piñeiros, eucaliptos, acacias, toxos, fentos, mimosas, xestas, carqueixa, piorno, carrasca (queiruga), silvas.

Terceiro.-No suposto de incumprimento do disposto anteriormente o Concello, de oficio ou por solicitude de interesado, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obriga de xestión e limpeza da biomasa vexetal e arbórea e para facelo se lle concederá un prazo máximo de 15 días naturais, ou de tres meses no caso de franxas laterais das vías de comunicación, contado dende a recepción da comunicación, coa advertencia de que para o caso de incumprimento poderase proceder á execución subsidiaria, con repersución dos custos da xestión da biomasa e, no seu caso, o decomiso das especies arbóreas prohibidas e retiradas pola Administración. (Artigo. 22.2 da Lei 3/2007)

Cuarto.-O incumprimento desta obriga, transcorridos os devanditos prazos, determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, coa imposición de sancións segundo o determinado no artigo 50 da Lei 3/2007 en relación co Título VII da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Quinto.-Lémbrese que a administración pode repercutir os gastos da extinción dun incendio ás persoas reponsables de non cumprir coa obriga de limpeza e xestión da biomasa vexetal e polo incumprimento das distancias mínimas, segundo as mencionadas Leis 3/2007, 43/2012 e 7/2012, de prevención de incendios forestais e de montes de Galicia.

**Xa que logo, APELANDO Á COLABORACIÓN DE TÓDOLOS CIDADÁNS INFORMO E COMUNICO DA OBRIGA de que as parcelas situadas dentro das franxas de protección a que se refiren os apartados anteriores estean limpas de maleza e desbrozadas denantes do día 31 de maio de cada ano e do xeito que se determina.**



**Na totalidade do círculo (interior núcleo e franxa 50m):  
LIMPAS E SEN AS SEGUINTE ESPECIES:  
Piñeiros / Eucaliptos / Acacias  
Toxos / Fentos / Mimosas/ Xestas  
Carqueixa / Piorno / Carrasca (queiruga)**

*\*O Concello comezará a campaña de vixilancia e inspección a partir do 1 de xuño para cumprir o cumprimento efectivo de dita lei e asimesmo evitar ou minimizar os danos que se poidan producir polos incendios forestais.*

O ALCALDE,  
Manuel L Varela Rodríguez  
Asdo. Dixitalmente

